

Resolución pola que se aproban e fan públicas as listas previas definitivas do proceso para o ingreso na categoría de Peón/peoa, resultante do período de actualización de listas de outubro de 2025.

Por resolución do 13 de marzo de 2026 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos/as na categoría de Peón/peoa, resultantes do período de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais, non se recibiu ningunha alegación. Non obstante, detectouse a existencia dun erro administrativo consistente na omisión involuntaria da baremación de determinados expedientes presentados en tempo e forma polas persoas aspirantes.

RESOLVO:

Primeiro.- A corrección do erro detectado resulta necesaria para asegurar a legalidade do procedemento.

Segundo.- Corrixir de oficio o erro administrativo, procedendo á súa baremación conforme ás bases da convocatoria.

Terceiro.- Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as, resultantes do período de actualización de listas, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no Anexo I da solicitude.

O Director de Administración e Servizos Xerais

Ado: Pablo Arbones Maciñeira

(Na data e hora da sinatura dixital . No exercicio das funcións establecidas nos Estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.)